



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A REAL ACADEMIA GALEGA PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA DA REAL ACADEMIA GALEGA DEPENDENTE DELA.

Ámbito competencial

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Neste sentido, no seu artigo 21, establece que *lle corresponde a xestión do Rexistro de Bibliotecas, dos procedementos de integración na rede, e de creación de novos centros, así como a declaración de bibliotecas de especial interese para Galicia.*

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, *correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade tramitar e resolver os procedementos de integración de bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios na rede, segundo o establecido nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, como órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas.*

Con este fin, regúlanse os procedementos de rexistro e integración das bibliotecas especializadas na Rede de Bibliotecas de Galicia segundo establece o Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, segundo establece no artigo 7, a rede configúrase *como a estruturación nun sistema coordinado, dos centros bibliotecarios incluídos no Sistema Bibliotecario de Galicia. Forman parte dela tanto os centros bibliotecarios dependentes directamente da consellería competente en materia de cultura, coma todos os de titularidade pública ou privada que, mediante a sinatura dun convenio, se comprometan a colaborar nos obxectivos de mellora do sistema bibliotecario que se perseguen coa dita rede.*

Por outra parte, a Real Academia Galega solicitou a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia do seu centro bibliotecario especializado, despois de que os servizos técnicos desta consellería analizaran a documentación achegada, procedeuse á redacción do correspondente informe de idoneidade e resolveuse a integración na Rede por parte do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade a través da publicación no DOG da Orde do 7 de febreiro de 2014 pola que se recoñece a Biblioteca da Real Academia Galega como biblioteca de especial interese para Galicia, DOG. núm. 52 do 17 de marzo de 2014. Para a que a renovación do compromiso de





integración do centro bibliotecario na Rede adquira firmeza e sexa efectiva, a normativa en materia de bibliotecas recolle a necesidade da formalización do presente convenio.

Antecedentes

Coa publicación da Orde do 7 de febreiro de 2014 pola que se recoñece a Biblioteca da Real Academia Galega como biblioteca de especial interese para Galicia, DOG. núm. 52 do 17 de marzo de 2014, integrouse na Rede de Bibliotecas de Galicia a Biblioteca da Real Academia Galega, de titularidade da Real Academia Galega. A renovación do compromiso de integración formalizárase coa sinatura do presente convenio.

Obxecto

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Comunidade Autónoma de Galicia e a real Academia Galega acordan a formalización deste convenio co obxecto da renovación do compromiso de inclusión do centro bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Importe e tipoloxía dos fondos económicos

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación que se poidan establecer nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

Normativa aplicable

A este convenio seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno



Xacobeo 2021





- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190 do 18 de setembro)
- Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 1 de decembro).
- Orde do 7 de febreiro de 2014 pola que se recoñece a Biblioteca da Real Academia Galega como biblioteca de especial interese para Galicia, DOG. núm. 52 do 17 de marzo de 2014. Procedemento CT230B.

Interese

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten especial interese en asinar este convenio co obxecto de renovar o compromiso de integración do centro bibliotecario da Real Academia Galega na Rede de Bibliotecas de Galicia. Cumprindo polo tanto, o obxectivo de que todas as bibliotecas especializadas de Galicia e, que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder a todos os recursos que lle ofrece a administración autonómica ás entidades titulares destes servizos.

Pola súa parte, a Real Academia Galega pon de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do centro bibliotecario e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias do mesmo.

Este convenio asínase cun período de vixencia de catro anos a partir da data da súa sinatura, entenderase prorrogado automaticamente por prazos anuais ata o límite máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As actividades que ampara son de interese social para a cidadanía galega e veñen a mellorar o acceso á cultura e ao coñecemento da cidadanía galega en xeral e dos usuarios e usuarias das bibliotecas especializadas en particular.

Trátase dun convenio de colaboración para achegar á cidadanía galega en xeral entre outros servizos, o acceso universal á colección única tanto pola súa especialización como pola súa calidade deste servizo bibliotecario.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez



Xacobeo 2021

